



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

GALICIA
LABORAL**LOITA**
polo **TEU****ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 799 Semana do 17 ao 23 de setembro de 2018

ARRANCAN EN GALICIA OS ACTOS CONMEMORATIVOS DO 130 ANIVERSARIO DE UGT COA EXPOSICIÓN “130 ANOS DE LOITA E CONQUISTA”

Redacción.- UGT inaugurou este xoves en Ourense a exposición itinerante “130 anos de loita e conquista” que está a recorrer todas as provincias españolas dentro dos actos conmemorativos do 130 aniversario do Sindicato que arrancaron o pasado 12 de agosto en Barcelona cun acto que reuniu a cadros e delegados de UGT de toda España.

O acto de inauguración correu a cargo dos secretaríos xerais de UGT-Galicia e UGT-Ourense-Valdeorras-Verín, José Antonio Gómez e Mario Franco, respectivamente, e tivo lugar na sede do Sindicato en Ourense, onde permanecerá a exposición aberta ao público ata o 15 de outubro.

Así, con esta exposición, ábreanse os actos en Galicia conmemorativos deste 130 aniversario da UGT que continuarán en Vigo coa mesma exposición entre o 25 de outubro e o 20 de novembro e xa no ano 2019 con actos que se programarán nas provincias de A Coruña e Lugo.

“130 anos de loita e conquista” é unha exposición itinerante que, con motivo da efeméride que se conmemora, recorrerá ao longo deste e do vindeiro ano todas as provincias de España. Unha exposición composta por 20 paneis, 14 deles de carácter histórico e 6 temáticos.

Trátase de repasar os 130 anos de loita obreira nos que UGT estivo sempre ao carón dos traballadores e traballadoras.

En agosto de 1888 ten lugar un acontecemento fundamental da historia do movemento obreiro español: fúndase en Barcelona a Unión Xeral de Traballadores, creada para a defensa dos dereitos e a mellora das condicións de vida da clase traballadora.

A exposición recolle os períodos máis significativos desta longa traxectoria repasando os 130 anos de loita obreira e reivindicación dun mundo máis xusto. Os visitantes poderán atopar as datas e eventos máis importantes destes 130 anos.

Repásanse os principais logros do Sindicato nos anos de protestas, baixo a ditadura de Primo de Rivera, durante a chegada da II



República, durante a Guerra Civil, na época da clandestinidade e o exilio de UGT pola ditadura franquista. Prosegue coa chegada da democracia e a legalización do Sindicato, cos anos 80 nos que se converte en primeira forza sindical e alcánzanse os anos de desavenencias de principios dos 90. A exposición finaliza coa etapa máis moderna, cos novos retos sociais, as alternativas para saír da crise e a recuperación de dereitos laborais.

No acto, o secretario xeral de UGT-Ourense-Valdeorras-Verín incidiu en que, tras 130 anos, a finalidade para a que foi fundada a UGT segue plenamente vivente e así se reafirmou no manifesto de Barcelona do pasado 12 de agosto, que foi lido pola compañeira María Isabel González, a secretaria de Políticas sociais de UGT-Galicia.

Tamén destacou o importante esforzo de recollida e clasificación documental que hai detrás da exposición e, neste senso, explicou que se contou coa colaboración tanto da Fundación Pablo Iglesias como da Largo Caballero.

Pola súa banda, o secretario xeral de UGT-Galicia lembrou como a finais do século XIX fundouse en Barcelona a UGT e como nesta ardua tarefa un dos máis activos foi Pablo Iglesias, un galego universal, que construíra os cimentos organizativos do movemento obreiro en España.

Dende entón ata agora foron moitas as cousas que pasaron no mundo, en España e en Galicia e a UGT sempre tivo un importante papel na defensa dos dereitos e liberdades da clase traballadora. Detrás dos grandes avan-

ces en materia de liberdades e dereitos laborais e económicos sempre estivo o Sindicato. Así se pode comprobar en cada un dos vinte paneis que compoñen a exposición.

José Antonio Gómez trasladou a Ourense o relato e indicou que a comezos do século XX Pablo Iglesias “estivo aquí para mediar nun conflito dos traballadores que estaban construíndo o ferrocarril e para impulsar a construción da casa do pobo. Tamén en Ourense se organizou neste momento unha importante folga dos traballadores da fundición Malingre para reclamarlle ao patrón poder comer dentro da nave e non ter que facelo no exterior”.

Foron moitos os homes e mulleres que durante estes 130 anos loitaron por unha sociedade máis xusta e igualitaria e que o fixeron unidos na UGT, conscientes de que a unión fai a forza. Moitos tamén foron os que sufriron persecución, cadea e incluso deixaron a vida neste empeño pola igualdade con maiúsculas.

Destacou que hoxe, 130 anos despois, UGT cumpre e segue loitando polo mesmos ideais, polo reparto xusto da riqueza. Esta exposición debería servir para tomar conciencia de que os dereitos dos traballadores non son algo natural, houbo que conquistalos. E este é o obxectivo da exposición, que todos sexamos conscientes de canto costaron esas conquistas.

Rematou afirmando que UGT é historia viva e os traballadores e traballadoras necesitan dunha UGT forte para acadar unha saída xusta da crise.

NOVA CONCENTRACIÓN EN VIGO POLO INDULTO PARA CARLOS E SERAFÍN E REUNIÓN COA SUBDELEGADA DO GOBERNO EN PONTEVEDRA

Redacción.- Un xoves máis o Marco de Vigo acolleu unha concentración en demanda do indulto para Carlos e Serafín que foron condeados pola súa participación na folga do transporte da provincia de Pontevedra do ano 2008.

Un indulto que ten que chegar xa. Así llo trasladou o secretario xeral de UGT-Vigo, Ernesto Fontanes, xunto cos seus homólogos de CIG e CCOO, nunha xuntanza mantida o mércores á subdelegada do Goberno en Pontevedra.

Hai que lembrar que a solicitude de indulto está avalada por máis de 25.000 sinaturas e apoiada polos plenos do Concello, da Deputación de Pontevedra e do Parlamento galego.



OS TRABALLADORES DO 061 MOBILIZÁRONSE FRONTE A SANIDADE E ENTREGARON UN ESCRITO DIRIXIDO AO CONSELLEIRO NO QUE SOLICITAN O AMPARO DA CONSELLERÍA

Redacción.- Traballadores do 061 concentráronse este mércores pola mañá fronte á sede da Consellería de Sanidade, en Santiago, para denunciar a situación que viven, tras máis de mes e medio de conflito, e entregaron un escrito dirixido ao conselleiro Jesús Vázquez Almuíña no que se pide amparo da Consellería para que se reanuden as negociacións e se poida chegar a un entendemento e solucionar así un conflito que no é bo para ningún.

Os traballadores do 061 non piden gañar máis nin mellorar as condicións previas ao traslado, só demandan que as condicións laborais e en materia de conciliación da vida laboral e persoal non sexan moito peores que as que tiñan en Santiago.

Os traballadores insisten en que o quebranto do traslado á Estrada debe ser o mínimo posible. Os traballadores do 061 non poden ser castigados cun traslado que en nada mellora a calidade do servizo pero si empeora as súas condicións laborais e familiares.

Os traballadores estatutarios do 061 insisten en denunciar que as súas condicións no traslado son peores que as da empresa Telemark e que as que se lle ofreceron aos cinco traballadores laborais.



De feito, xa na reunión do pasado 12 de xuño amosouse unha postura inamovible. Aos traballadores só se lles ofrece a equiparación co laudo arbitral da UTE Telemark-Spain, SL-Coremain, que é a empresa subcontratada por Axega. Neste laudo as cuestións sometidas a arbitrase eran subrogación, limitación aos despedimentos, temas de xornada, compensación económica polo traslado do servizo, preferencia na contratación e cantidades indebidamente detraídas.

Pero, de todas estas cuestións, a única aplicable ao 061 é a de compensación económica polo mesmo importe

que a empresa Telemark, de todos os xeitos, un importe que non cobre os custos reais de desprazamento que sofren os traballadores. Pero, ao non aplicarse o resto das condicións, os traballadores do 061 quedarían en peor situación que os de Telemark. Do mesmo xeito, as condicións dos cinco traballadores laborais, que xa teñen asinado un acordo, son obxectivamente mellores que as do persoal estatutario

Por todo isto, piden que a Consellería de Sanidade se implique na busca dunha solución á situación para rematar con este longo conflito.

O COMITÉ DE VITRASA DENUNCIA Á EMPRESA POR INCUMPRIMENTOS NAS CONTRATACIÓNS

Redacción.- O Comité de empresa de Vitrasa denuncia á Dirección por presunto fraude na contratación e como esta utiliza a contratación temporal como medida de presión contra os traballadores e as traballadoras.

O Comité da empresa de transportes, concesionaria dos autobuses urbanos de Vigo, ven de presentar ante a Inspección de Traballo unha denuncia polo que considera contratación fraudulenta. Nos últimos anos o número de persoal eventual disparouse e Vitrasa contrata e despide reiteradamente a diferentes persoas para ocupar os mesmos postos.

Deste xeito, a empresa asegúrase, ante o temor dos traballadores temporais a ser despedidos, que estos accedan a realizar calquera servizo solicitado, aínda que en moitas ocasións con isto se incumpra o convenio ou o propio Estatuto dos Traballadores. Á súa vez, estes traballadores non xeneran antigüidade na empresa.

O Comité considera que se utiliza a contratación temporal como medida de presión e un claro exemplo das consecuencias negativas deste método fraudulento de con-

tratación son as non renovacións de contrato nos últimos meses a varias persoas traballadoras que prestaban os seus servizos en Vitrasa dende hai máis de cinco anos.

O Comité tamén denuncia que en moitas ocasións o tempo de recorrido establecido é escaso, o que ás veces impide realizar os descansos establecidos. Este factor inflúe tamén en xornadas excesivas, incluso de dez horas diarias, afectando negativamente á saúde dos traballadores e á seguridade dos usuarios.

Outro gran problema é a ausencia de baños nos recorridos e nas cabeceiras das liñas. Xa o Comité realizou as respectivas denuncias á Inspección, Concello e empresa, sen resposta ata o momento.

O establecemento de cámaras nos autobuses, medida que se xustificaba para manter a seguridade de viaxeiros e traballadores, estase a utilizar por parte da empresa ás veces coa finalidade de control e



sanción, chegando incluso ao despedimento.

E os problemas súmanse, falta de vestiarios, duchas, problemas coa entrega de uniformes, problemas coa entrega da recadación diaria, plan de igualdade caducado dende hai anos e a negativa da empresa a renovalo e melloralo.

Todo isto obrigou ao Comité de empresa a poñelo en coñecemento da Inspección e o Concello de Vigo e nas vindeiras datas farase unha asemblea cos traballadores para poñer enriba da mesa posibles medidas para solucionar este problema.

FE SP APOIA AOS PROFESORES E ALUMNOS DA ESCOLA GALEGA DE ARTE DRAMÁTICA NAS SÚAS DEMANDAS

Redacción.- FeSP-UGT-Galicia apoia e participa nas mobilizacións que tanto profesorado como alumnado da Escola de Arte Dramática de Galicia (ESAD) están a convocar nestes días.

Reivindicacións que pasan por demandar, basicamente, mellores condicións para o ensino.

Tanto os profesores como a totalidade do alumnado, 170, denuncian o recorte do profesorado, xa que no ano 2011 había 44 efectivos e hoxe esta cifra baixou ata os 34.

Tamén demandan ser recoñecidos como unha universidade, xa que á ESAD aplícase a normativa dun instituto de secundaria e trátase dun centro de estudos superiores equivalente ao



grao universitario.

Por outra banda, os alumnos denuncian os recortes que están a sufrir en materia de bolsas.

Hai que mellorar as infraestruturas para favorecer distintos modos de transporte

Redacción.- Con motivo da Semana Europea da Mobilidade, que se está desenvolvendo do 16 ao 22 de setembro, baixo o lema "Combina e móvete", UGT demanda infraestruturas modernas e conectadas que faciliten combinar distintos modos de transporte, entre eles camiñar, a bicicleta ou o transporte público.

O Sindicato reclama medidas para mellorar a mobilidade laboral e a seguridade viaria laboral para evitar os accidentes in itinere (de xaneiro a xullo de 2018 aumentaron un 5%, respecto ao mesmo período do ano pasado e houbo un incremento do 7% nos accidentes mortais, pasando de 72 a 77 falecidos). UGT demanda ao Goberno e ás empresas potenciar as campañas de sensibilización e elaborar Plans de Mobilidade Sustentable que faciliten o desprazamento aos centros de traballo e aos polígonos industriais e a multimodalidade. Trátase de reducir o número de accidentes e as emisións de gases de efecto invernadoiro nas cidades.

O AUMENTO DE MORTES POR SINISTRALIDADE LABORAL É INSOSTIBLE

Redacción.- A sinistralidade laboral segue crescendo, incluídos os accidentes graves e mortais. De media, 2 traballadores morren cada día polo simple feito de ir traballar e tentar gañarse a vida. Unha estatística que, lonxe de corrixirse, vai en aumento.

O avance de accidentes de traballo dos sete primeiros meses do 2018, publicado polo Ministerio do Traballo, Migracións e Seguridade Social, constata esta realidade. Só neste período faleceron 359 traballadores e traballadoras, 1 máis que ata xullo de 2017, o que supón un incremento do 0,3%. Do total de falecementos, 282 ocorreron durante a xornada de traballo e 77 foron in itinere.

Por outra banda, a gran maioría de accidentes mortais, durante a xornada laboral, afectan aos homes, 268 mortos ata xullo de 2017, fronte a 14 mulleres, aínda que é certo, que, respecto ao mesmo período do ano anterior, producíronse 4 falecementos máis de mulleres.

Desagregando os falecementos ocorridos durante a xornada laboral, por sectores de actividade, ata o mes de xullo, atopamos que houbo 151 mortes de traballadores e traballadoras no sector servizos, no que máis se incrementaron os falecementos (7 máis que no primeiro semestre de 2017), o que supón un aumento do 4,9%. En industria faleceron 53 persoas, unha máis que no período de referencia anterior. No resto de sectores prodúcese un descenso da mortalidade rexistrándose, 44 en construción e 34 no sector agrario.

As causas máis frecuentes de morte por accidente laboral durante a xornada de traballo seguen sendo os infartos ou derrames cerebrais, con 130 falecementos, e os accidentes de tráfico, con 66. No caso das mortes in itinere, as causas máis frecuentes foron os accidentes de tráfico con 71 falecidos e os infartos e derrames cerebrais con 5. Está claro onde é prioritario actuar para frear esta secuela, os riscos psicosociais (tensións, síndrome do traballador queimado, etc.) e os accidentes de tráfico, cada vez máis frecuentes polo aumento dos desprazamentos



de entrega de paquetes, comida, etc.

Outros datos

Durante os sete primeiros meses do ano producíronse un total de 773.926 accidentes laborais, experimentando, dita cifra, un incremento de 6.147 accidentes de traballo máis respecto do dato do 2017, o que supón un aumento do 0,8%.

Os accidentes ocorridos durante a xornada laboral aumentaron nun 3,3%, mentres que os accidentes in itinere aumentaron nun 4,7%.

351.796 accidentes laborais causaron baixa, aumentando nun 3,5% en relación ao ano anterior, con 11.790 casos máis. Polo contra, ata xullo notificáronse 422.130 accidentes sen baixa. Este tipo de accidente experimentou un pequeno descenso do 1,3% con respecto ao mesmo período de 2017.

Parece obvio que as mutuas endureceron os seus criterios para conceder baixas laborais, reservándoas só para aqueles casos que revistan unha maior gravidade. Co que se está producindo un transvasamento de accidentes que deberían cualificarse como leves cara accidentes sen baixa, xa que non cambiou o feito de que os accidentes sen baixa sigan sendo máis numerosos que os que si provocan a baixa. Agora ben, os accidentes sen baixa comezaron a descender, mentres que os que causan baixa aumentan. UGT vixiará

se este cambio de tendencia mantense no tempo ou pola contra é algo pasaxeiro.

A industria manufactureira é a actividade con maior número de accidentes con baixa, con 59.323, seguida de comercio, con 42.296 e construción, con 38.543. Está demostrado que a temporalidade vai da man da sinistralidade laboral, os traballadores temporais sofren unha falta de formación e información en materia de riscos laborais, esencial para garantir a súa seguridade e saúde no traballo. Ademais, poden chegar a asumir riscos por temor a perder o seu posto de traballo.

Algunhas propostas

UGT considera que hai que extremar a vixilancia no cumprimento da Lei de Prevención de Riscos Laborais porque é evidente que algo segue fallando.

Pide o compromiso de todos para loitar decididamente contra a precariedade e temporalidade do noso mercado laboral, porque son factores que potencian os riscos de accidentes de traballo e enfermidades profesionais.

Así mesmo, demanda un Plan de choque contra a sinistralidade laboral no que haxa maior coordinación entre a Administración, os empresarios e os traballadores para conseguir frear unha secuela que está enquistada na nosa sociedade.

SUBIR OS SALARIOS XA

Ou se aplica o IV AENC de inmediato ou haberá mobilizacións

Redacción.- O INE publicou esta semana os datos da Enquisa Trimestral de Custo Laboral (ETCL) do segundo trimestre de 2018, que volven poñer de manifesto que os salarios apenas crecen, mentres que a economía si o fai e as empresas obteñen beneficios moi elevados. É unha situación que non pode continuar. Os salarios teñen que subir para mellorar o seu poder de compra e soste-lo consumo das familias.

O día 5 de xullo os sindicatos UGT e CCOO e as patronais CEOE e CEPYME asinamos o IV Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva (IV AENC) no que se establecía que os salarios subirían entre o 2% e o 3%, e que se establecerían progresivamente salarios mínimos mensuais de convenio de 1.000 euros, con catorce pagas. Con todo, as empresas non están a trasladar estes criterios coa celeridade que deberían, o que ten consecuencias negativas sobre a actividade económica, o emprego e a redución da pobreza e as desigualdades. É necesario acelerar este proceso de dignificación salarial nos convenios.

Os datos ofrecidos pola Enquisa Trimestral de Custo Laboral reflicten de maneira clara esta atonía salarial. O custo laboral por traballador e mes aumentou no primeiro trimestre un 0,7%, respecto ao

mesmo trimestre do ano anterior, igual que nos dous trimestres anteriores. Pola súa banda, o custo estritamente salarial por traballador e mes aumentou un 0,5% no último ano, tres décimas menos que no primeiro trimestre do ano. É dicir, que os salarios non só non despegan, senón que moderan o seu crecemento, que de seu é moi reducido. Hai que ter en conta que o IPC creceu nos últimos meses ata o 2,2%, co que os salarios seguen perdendo poder de compra.

O salario por hora traballada (corrixido do efecto estacional), que permite unha comparación máis axustada, reflicte a mesma realidade, debido a que no segundo trimestre creceu tan só o 0,9%. É o mesmo resultado que mostrou hai unha semana o Índice do Custo Laboral Harmonizado (ICLA), que publicou o INE e que utiliza os datos da ETCL para elaborar un indicador comparable no ámbito da Unión Europea.

Esta é unha situación claramente insana, con consecuencias moi daniñas para a sustentabilidade do noso crecemento económico e para a cohesión social. Nin mellora a calidade do emprego, nin aumentan os salarios, o que está a provocar o enquistamento das situacións de precariedade laboral e pobreza entre millóns de traballadores e traballadoras e as súas fa-

milias. É necesario cambiar esta dinámica con actuacións decididas.

Dun lado, é preciso que o Goberno, no marco do diálogo social aberto, aborde dunha vez a adopción de medidas que revertan os cambios no noso sistema de relacións laborais e de contratación que introduciu a reforma laboral do Goberno do PP en 2012. Porque sen atallar a actual situación de precariedade laboral e de desequilibrio na negociación colectiva os salarios non poden crecer como a actual situación da economía aconsella e como é xusto.

Doutro lado, é imprescindible que as empresas trasladen canto antes os criterios salariais acordados no IV AENC aos convenios, establecendo incrementos de ata o 3% e elevando os salarios mínimos de convenio ata os 1.000 euros, con 14 catorce pagas. A firma do acordo por parte dos interlocutores sociais obríganos a trasladar o seu contido aos convenios, polo que non é admisible a súa omisión por parte das empresas. En caso de constatar-se que as empresas dificultan a aplicación destes criterios, desde UGT impulsaremos a subida salarial pola vía legal, a través dunha nova senda de aumento do salario mínimo máis ambiciosa que a pactada en 2017, e promoveremos as mobilizacións precisas para que se cumpra o pactado.

UN PRIMEIRO PASO, PERO INSUFICIENTE PARA COMBATER A POBREZA ENERXÉTICA

Redacción.- A ministra de Transición Ecolóxica, Teresa Ribera, na comparecencia no Congreso dos Deputados anunciou unha serie de medidas para combater a pobreza enerxética, mediante un Plan de Choque e Reformas Estruturais. Pero en ningún momento concretou o seu impacto económico e financeiro.

Mentres o oligopolio eléctrico incrementa os seus beneficios, de maneira constante, e prevé facelo nos próximos anos, cada vez hai máis poboación máis vulnerable de sufrir pobreza enerxética. Un problema cuxa resolución debe ser prioritaria.

UGT considera que hai que abordar unha reforma do sector, coordinada con todas as administracións territoriais e con todos os ministerios afectados e que conte co consenso social.

Así mesmo, reclama a participación

sindical na anunciada Estratexia Nacional de Loita contra a Pobreza, que estará lista en 6 meses.

Ampliar o bono social

O Goberno dá continuidade ao bono eléctrico e introduce melloras incrementando a protección a familias monomarentais e persoas maiores; prohíbe os cortes de luz; e complementao cun bono social de calefacción que estará listo para o inverno.

A falta de ver o detalle de ditas medidas, UGT propón mellorar o bono social ,permitindo que se poidan acoller máis familias e que estas conten con maiores descontos. Para iso é preciso:



- Unha lei que asegure o acceso universal á subministración de luz e evite o corte ás persoas máis vulnerables con rendas máis baixas.

- Unha prohibición legal de todos os cortes de luz a familias con problemas

[Continúa na páxina seguinte...](#)

...vén da páxina anterior.

económicos. Un custo que debe ser asumido polas compañías.

•Modificar o sistema de formación de prezos da electricidade en España e poñer fin aos abusos tarifarios coa aprobación dunha tarifa alcanzable e transparente, regulada polo Goberno, á que poderán acollerse todos os consumidores domésticos na súa primeira residencia.

Outras medidas

•Auditoría ao sistema eléctrico. Realización dunha análise dos custos do sistema desde que se puxo en marcha a liberalización do sector, co obxectivo de determinar o prezo real das tarifas eléctricas.

•Mellorar a fiscalidade. Aplicando o IVE reducido á electricidade, pasando do 21% actual ao 10%, por ser considerado un servizo esencial para a cidadanía.

•Fortalecer os dereitos dos consumidores con facturas e contratos de enerxía claros.

•Implementar actuacións de eficiencia enerxética e impulsar o autoconsumo de enerxías renovables.

•Acabar co monopolio das redes de distribución eléctrica, pasando a mans públicas, investindo na súa modernización e esixindo maior transparencia mediante auditorías integrais de custos.

En definitiva, o Goberno debe abordar, desde o consenso, unha reforma integral do sistema eléctrico, garantindo a subministración, cos niveis necesarios de calidade e custo adecuado, e cun nivel de competencia efectiva no sector.

EMPREGO DIGNO E ESTABLE, O FUTURO DO TRABALLO

Redacción.- “Debemos configurar un mercado de traballo digno e estable que garanta uns límites aos modelos de emprego precarios e sen dereitos como expresión do beneficio empresarial”. Manifestou o secretario de Política sindical de UGT, Gonzalo Pino, na xornada sobre o futuro do traballo organizada pola Cámara de Comercio de EE. UU. en España.

Pino, que resaltou a importancia do diálogo social para crear empregos dignos, sinalou que “para desenvolver un sistema íntegro, rigoroso e xusto é necesaria a participación de todos, incluído o Goberno que, como administración fundamental, debe facilitar esa tarefa e abrir o camiño para que isto se produza”.

“Falar do futuro do traballo non pode servir para que nos paralicemos na tese de que non se pode facer nada porque está todo decidido por outros, sexan axentes tecnolóxicos, bolsistas, empresas ou políticos”, resaltou. “O obxectivo principal debe ser dignificar o traballo e humanizar as normas en beneficio dos dereitos das traballadoras e traballadores, o que repercutirá de maneira positiva nas empresas”.

Neste sentido, manifestou a necesidade de “garantir que ningunha persoa quede fora do mercado de traballo debido ás novas tecnoloxías. É necesario protexelas. A economía dixital vai acabar con millóns de postos de traballo e as novas tecnoloxías deben cotizar”.

Ademais, considerou que “falar de futuro do traballo non significa que obviemos o que xa estamos a sufrir: realidades mezquinas e insolidarias que nos deben facer reaccionar e actuar



para non deixar a ninguén atrás. Non é posible alcanzar un desenvolvemento económico en ningún estado ou conxunto de nacións se non se consegue unha prosperidade xeral, desde a premisa da igualdade e o fomento de condicións de traballo dignas”. Neste punto, afirmou que é imprescindible “desenvolver estratexias conxuntas para atrapar o novo talento, sen deixalo marchar despois de investir moitos anos na súa educación e formación”.

Formas de traballo a erradicar

Durante a súa intervención, Gonzalo Pino especificou tres modelos de traballo que, segundo UGT, recollen formas de desenvolvemento empresarial “daniñas”: “o baseado na tecnoloxía, como son as plataformas dixitais, que veñen usurpar dereitos e condicións laborais básicas como a regulación da xornada, do salario e da necesi-

saria cobertura e cotización á seguridade social no sistema xeral da Seguridade Social; os que proveñen da omisión ou inaplicación do convenio colectivo que corresponde en rigor, como se aprecia nas empresas que ofrecen tarefas desmembradas, en forma de traballos auxiliares ou multiservizos; e as persoas que se dedican ao traballo doméstico e de coidados baixo a forma da relación laboral especial, actividade que aglutina a máis de 600.000 postos, caracterizada pola precariedade, a falta de dereitos, a escasa protección social e a ausencia de recoñecemento na sociedade”.

Por iso, reclamou a participación do sindicato nunha nova regulación do marco laboral. “Coa nosa intervención na planificación dos modelos produtivos, as formas de organización do traballo, das condicións mínimas e dos límites á flexibilidade conseguiremos aumentar os dereitos dos traballadores e o emprego digno”, considerou.